



O alcalde José Manuel Rey presidirá os actos institucionais que se desenvolverán no Teatro Jofre. María del Carmen Sánchez doou ao Concello a vivenda da súa propiedade que agora serve de sede á Casa de Acollida, pola que xa pasaron máis de 500 mulleres. Ademais do recoñecemento a María del Carmen Sánchez, a conmemoración do 8 de marzo inclúe un concerto, a cargo de Lucía Pérez, e a actuación da monoloxista Cristina Moreira.

O Concello de Ferrol homenaxeará o vindeiro 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a María del Carmen Sánchez, que foi a persoa que cedeu ao Concello para fins sociais a vivenda que actualmente serve de Casa de Acollida, a primeira coa que contou Galicia e unha das primeiras de España. María del Carmen Sánchez, que nos anos 80 foi xefa de Negociado de Acción Social da Administración ferrolá, recibirá este merecido recoñecemento na conmemoración institucional do 8 de marzo, que se desenvolverá no Teatro Jofre a partir das 20.00 horas.

A homenaxe a esta muller ferrolá partiu da Concellería de Igualdade, que dirixe Verónica Casal

8 de marzo - Día Internacional da Muller

Escrito por Administrator

Luns, 27 Febreiro 2012 08:35 - Modificado o Venres, 02 Marzo 2012 12:54

Míguez, e conta co respaldo do conxunto da corporación municipal e do Consello Sectorial da Muller, que se celebrou na xornada de onte. Con este recoñecemento nunha data tan sinalada como o Día Internacional da Muller, o Concello de Ferrol quere agradecer a María del Carmen Sánchez a súa xenerosidade, xa que doazón que fixo no seu momento posibilitou mellorar considerablemente a calidade de vida das mulleres. Dende que en 1997 se fixo o traslado da Casa de Acollida dende o inmobile de Recimil no que se atopaba dende o ano 1989 á ubicación actual, máis de 500 mulleres pasaron polas súas instalacións.

Ademais do recoñecemento a María del Carmen Sánchez, os actos institucionais do 8 de marzo no Teatro Jofre inclúen unha actuación musical, que correrá a cargo de Lucía Pérez, e outra de monólogos de Cristina Moreira. A conmemoración do Día Internacional da Muller estará presidida polo alcalde de Ferrol, José Manuel Rey Varela.